



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ACTA DA COMISIÓN ENCARGADA DA RESOLUCIÓN DA II CONVOCATORIA DE CONTRATOS PROGRAMA PARA O DESEÑO ESTRATÉXICO E A INNOVACIÓN NA UDC

Convocada a reunión da comisión encargada de resolver a II convocatoria de Contratos programa para o deseño estratéxico e a innovación na UDC para o día 29 de maio de 2006 ás 11 horas na sala de comisións número 2 da Reitoría, asisten a ela a Vicerreitora de Investigación, a vicerreitora de Organización Académica, o vicerreitor de Profesorado, o vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica, o vicerreitor de Calidade e Harmonización Estratéxica e o director da UTC. Escusan a súa asistencia o xerente e o director do CUFIE. Na reunión acórdanse os criterios que se van seguir para a resolución da convocatoria. A Comisión acorda continuar o día 30 para aprobar unha proposta de resolución. Tanto os criterios establecidos como as propostas figuran a continuación.

Convocatoria de centros

Seguindo o establecido nas bases da convocatoria acórdase dar prioridade ás peticións dos centros que poñen en marcha programas oficiais de posgrao para o curso 2006-07 destinando a estes a cantidade de **150.000** euros; ademais, acórdase financiar a cada un dos coordinadores do máster segundo o establecido nas bases da convocatoria. Cada centro recibirá financiamento en función do número de másteres que terá que poñer en funcionamento tendo en conta que os programas interuniversitarios computarán como a metade dos únicos da UDC. No caso de existiren dous coordinadores oficiais dun mesmo máster financiarase só un deles. Un cargo unipersoal non poderá recibir ao mesmo tempo financiamento por coordinación de máster, aínda que si poderá recibir nomeamento.

Acórdase tamén repartir entre todos os centros, como axuda para a financiamento de accións de mellora derivadas da avaliación institucional, a cantidade de **100.000** euros, ademais do financiamento dunha persoa responsable de calidade e converxencia (PRCC). Un cargo unipersoal non poderá percibir simultaneamente a axuda por PRCC.

Aplicados estes criterios ás solicitudes a proposta de reparto é a que figura no anexo I.

Convocatoria de profesorado

A comisión acorda destinar os 65.000 euros que restan máis unha cantidade adicional de 10.400 euros, ao financiamento en primeiro lugar e prioritariamente das teses de doutoramento, establecendo unha cantidade fixa de 2.000 euros por tese. A partir de aquí financiarase a virtualización de materias nas novas titulacións de máster oficial cunha dotación de 1.000 euros por solicitude. No caso dos proxectos de innovación nos títulos vixentes de primeiro e segundo ciclo, que non representen o simple uso da Facultade

Virtual e supoñan un avance pedagóxico real máis alá da simple alta en FV e introdución de materiais docentes, asignarase a cantidade de 1.200 euros por proxecto. A cantidade restante distribuirase por igual entre as solicitudes existentes que cumpran os requisitos da convocatoria.

Aplicados estes criterios ás solicitudes a proposta de reparto é a que figura no anexo II.

Convocatoria de PAS

A comisión acorda atribuír o financiamento a cada proxecto individual, sen ter en consideración o número de persoas implicadas. A persoa de referencia do proxecto será quen determinará co visto e prace do resto das persoas participantes a porcentaxe do total que debe recibir cada un, en función do peso relativo que teñan as tarefas que lle fosen encargadas. Deberá comunicalo á Vicerreitoría antes do 15 xuño; en caso contrario, entenderase que o reparto é proporcional.

Tipo A: Traballos técnicos de complexidade alta: 1 punto

Tipo B. Traballos de análise e de documentación ou de apoio técnico de nivel medio: 0.50

Aplicados estes criterios ás solicitudes recibidas, a proposta de reparto é a que figura no anexo III.

Finaliza a reunión o día 30 de maio ás 15.30 horas.

A Coruña, 30 de maio de 2006